



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

Asunto: OEP Extraordinaria Estabilización: Administrativo/a de Intervención. Lista admitidos e excluídos. Designación de Tribunal

Expediente: 2023/G003/000535 - 2022/E001/000038

M^a Teresa Villaverde Pais, Alcaldesa do Concello de Lousame e órgano competente para a adopción do presente acordo, en virtude das competencias conferidas pola lexislación vixente no ámbito local, emite a presente resolución baseada nos antecedentes e fundamentos que a continuación se indican.

Praza obxecto de estabilización:

Denominación	Natureza	Número	Grupo/ Subgrupo	Xornada	Código RPT	Quenda/Provisión
Administrativo/a intervención	Laboral	1	III: C1	Completa	1003	Libre/ Concurso

Antecedentes Administrativos:

1. Mediante Resolución da Alcaldía 267/2022 do 23/05/2022 aprobouse a Oferta de Emprego Pública Extraordinaria para a redución da temporalidade do emprego público. Foi publicada no Boletín Oficial da Provincia 99 do 26/05/2022.
2. Tras a oportuna negociación na Mesa Xeral de Negociación que tivo lugar o día 02/12/2022, mediante Resolución da Alcaldía 701/2022 do 05/12/2022 aprobouse a convocatoria daquelas prazas incluídas na Oferta de Emprego Pública Extraordinaria na aplicación da DA 6^a e 8^a da Lei 20/2021. Do mesmo xeito aprobáronse as Bases Xerais e Específicas que rexerán a convocatoria e os procesos selectivos correspondentes.
3. O anuncio da convocatoria e as bases xerais e específicas para executar a OEP Extraordinaria para a redución do emprego temporal (DA 6^a e 8^a da Lei 20/2021) foi publicada:
 - a. Na sede electrónica municipal o día 07/12/2022
 - b. No Boletín Oficial da Provincia 234 do día 13/12/2022
4. O anuncio da convocatoria para executar a OEP Extraordinaria para a redución do emprego temporal (DA 6^a e 8^a da Lei 20/2021) foi publicada:
 - a. No Diario Oficial de Galicia 239 do 19/12/2022
 - b. No Boletín Oficial do Estado 307 do 23/12/2022

Fundamentos Xurídicos:

1. Segundo a Base Xeral número 3:

Os anuncios sucesivos durante o desenvolvemento do proceso selectivo (listaxe de admitidos/as, nomeamento e convocatoria do tribunal, etcétera) serán obxecto de publicación no Taboleiro da sede electrónica do Concello de Lousame (<https://sede.lousame.es/opencms/es/informacion/>).

2. Segundo a Base Xeral número 5:

As solicitudes, requirindo tomar parte nos correspondentes procesos selectivos, (...) presentaranse (...) no prazo de vinte días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

3. Segundo a Base Xeral número 7:

Expirado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución (...), declarando aprobada a lista provisional de persoas admitidas e excluídas. No caso de non existir aspirantes excluídos, poderase elevar a definitiva a listaxe provisional na mesma resolución, dando inicio ao proceso selectivo. (...) Igualmente, na mesma resolución, farase constar a designación nominal do Tribunal e, o lugar, data e hora de constitución deste para o desenvolvemento do proceso selectivo.

Á vista dos antecedentes e fundamentos expostos, e das solicitudes presentadas, na aplicación do disposto na Base Xeral número 7 que rexe o proceso selectivo **RESOLVO:**

Primeiro: Aprobar a lista provisional de persoas admitidas e excluídas:

2022/E001/000038	ADMINISTRATIVO/A INTERVENCIÓN (1003)						
Apelidos e Nome	Anexo I	DNI	CELGA	Titulación	Méritos	Taxa	Admisión Provisional
Martul Rosende, Tania	Si	***8896**	Si	Si	Si	Reducción do 100 %	Si
Filgueira Blanco, Olga	Si	***2236**	Si	Si	Si	Si	Si

Segundo: Como non existen aspirantes excluídos, elevar a definitiva a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas e dar inicio ao proceso selectivo.

Terceiro: Nomear ao seguinte Tribunal Cualificador:

Membro	Identidade
Presidencia	José Martínez Redondo. Funcionario A1. Concello de Lousame.
Vogal	Arturo Barreiro Tubío. Persoal Laboral Fixo A2. Concello de Lousame.
Vogal	Mónica Castaño Ourille. Persoal Laboral Fixo A2. Concello de Lousame
Vogal	José Manuel Outeiral Castro. Persoal Laboral Fixo A2. Concello de Lousame
Secretaría	Mª Montserrat Arufe Iamas. Funcionaria C1. Concello de Lousame.

Cuarto: O Tribunal deberá constituírse no Concello de Lousame, para o desenvolvemento do proceso selectivo, no prazo máximo de 2 meses dende a publicación desta resolución.

Quinto: Esta resolución será obxecto de publicación no Taboleiro da sede electrónica do Concello de Lousame (<https://sede.lousame.es/opencms/es/informacion/>).

Asinado en Lousame, por medios electrónicos, pola Alcaldesa, Mª Teresa Villaverde Pais; do que eu, Paula Ares Otero, como secretaria e para os únicos efectos de fe pública, dou fe (R.D.128/2018, do 16 de marzo).

